

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 07 Xullo 2014 23:23



Os González de Sabarís, tamén de alí os Panteón Fernández e os Fernández Acevedo, aínda que algúns con raíces en San Pedro da Ramallosa de onde tamén partiron os Hermida Mallo. Canda eles, os Navós Fernández de Baredo e Sabarís, os San Román Valverde de San Martiño de Borreiros e Gonda Luis de Belesar, fillos e descendencia, todos do val, constitúese a nova directiva do [Círculo Val Miñor da Arxentina](#). Reuníronse o sábado para despedir a don Carlos Panteón, e dar posesión a Alberto Lloret González, fillo de miñorana, como novo presidente da institución. A nova directiva, froito dunha lista de consenso, achega novos colaboradores e mantén a outros que están a remar dende hai tempo, como a súa secretaria, Rita Fernández Acevedo. VM.info falou con ela, a noite anterior á asemblea e co novel presidente días antes, sobre a situación pola que atravesamos a institución e os desafíos que asume a novo equipo.

“Como verás grazas a deus podemos seguir con maioría miñorana”, salienta Rita. É que o tempo pasa e os membros da derradeira onda emigratoria á Arxentina xa son maiores. Así, arestora hai un grupo de galegos que tira do carro, mais comezan a chegar os fillos nados no país dos Messi e Maradona, para que o lume non apague e o fío coa terra e as familias do val non corte.

“O noso principal obxectivo é honrar co traballo aos miñoranos que con tanto amor levantaron esta casa”, engade Rita. Lembra as morriñas polo vida no seu *“querido Val Miñor”*. Mais entende que este mandato ten que afondar na participación da mocidade e a súa inserción a través de proxectos propios.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 07 Xullo 2014 23:23

Alberto Lloret González, quen agora asume a presidencia, vén dunha familia de emigrantes da península que casaran na Arxentina. A súa nai de Sabarís. Traballou arreo na Radio-Val Miñor canda ao [recentemente falecido Xusto Piñeiro Soliño](#) . “*Acompañei a Xusto dende o inicio do proxecto da radio e non tomei a dirección para asumir no Círculo*”, comenta. Agora o seu irmán Carlos, tomará a responsabilidade de manter o espazo radiofónico que dá voz aos galegos no Río da Prata.

Tras recoñecer o labor da comisión saínte, agradeceu a confianza doutros paisanos que o achegaron ao Círculo, como a ex presidenta María del Carmen Vidal e os tamén ex presidentes Roberto Hermida Mallo e Carlos Panteón. Aínda que a súa primeira escola miñorana estivo a carón da súa nai e o traballo a prol da colectividade do seu pai, que aínda sen ser galego de nacemento, integrou diversas comisións da entidade ata o seu pasamento.

“*Estamos moi ben economicamente*”, resume Rita Acevedo trala presentación do Balance e Memoria do Círculo na asemblea do sábado. A boa saúde non é consecuencia de ningunha dádiva: “*Temos unha concesión dun restaurante pola que recibimos un canon, presentamos anualmente aos programas de axuda da Xunta, máis os eventos que realizamos ao longo do ano e as cotas sociais, é o que nos permiten ter unha boa economía*”.

Neste contexto comeza a rular unha nova etapa do Círculo Val Miñor, sen descoidar o feito pero a apostando forte ao futuro. Para iso contarán con este equipo até o 2016:

Presidente: Sr. Alberto Daniel Lloret González

Vicepresidente: Sr. Angel Amado Sabio Prieto

Secretaria: Sra. Rita Fernández Acevedo

Prosecretaria: Sra. Mirta Miguelez Pandelo

Co desafío de consolidar o feito e achegar á mocidade asume a nova directiva do Círculo Val Miñor.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 07 Xullo 2014 23:23

Tesoureira: Srta. Ma. Eugenia Navós Fernández

Protesoureira: Srta. Susana B. Sanromán Valverde

Vogais Titulares : Sr. Manuel Fernández Acevedo, Sr. Carlos Luis Lloret González, Sr. Héctor Durán Agra, Sr. Rodrigo Navós Fernández, Sra. Aida Rosa Agüero Bolillo,

Vogais Suplentes: Sra. Ma.Begoña Panteón Fernández, Sra. Beatríz López García, Sr. Alfredo Oscar López Giz .

Revisores de Contas Titulares : Sr. Roberto Hermida Mallo, Sr. Manuel Gonda Luis, Sr. Eduardo Luis Blanco Traverso

Suplente: Sr. Fernando Sanromán Valverde